



PROPOSTA ENCONTROS MULTIDEPORTIVOS

Dende AGRUDEBAM propoñemos realizar unha actividade de encontros entre colexios, a modo de liga, nos que unha clase dun cole cunha clase do outro, enfrontaranse durante a xornada, a varios deportes, utilizando unha pista polideportiva dividida en dous sectores, que permita simultanear dúas modalidades deportivas.

Para optimizar os recursos de transporte, cada enfrontamento entre coles será dobre: un equipo do segundo ciclo e un equipo do terceiro ciclo por cada cole.

A partir dese deseño, establecemos calendario de cruces que polo número de centros e as xornadas resultantes, non é completo, programando cinco xornadas, aínda que os colexios pequenos non completarán, xa que os saturaría organizativamente.

Comezaríamos a actividade cunha xornada previa de xogos populares, a modo de primeiro encontro. Dado o número posible de participantes, e tendo en conta o deseño da xornada, teremos que duplicala, dous días seguidos nas mesmas instalacións. Nesta primeira xornada de xogos populares, desenvolverían a práctica de bolo celta, chave e billarda, enfrontándose tamén como grupo clase, e rotando durante a mañán de xeito que cada participante terá competido nos tres xogos.

A proposta concreta para os encontros defínese así:

Proponse un calendario de cruces entre centros, a partir da relación de 14 centros participantes.

Tal como se explicou na xuntanza, márcanse 5 xornadas, vinculadas ás datas especificadas no calendario xeral. Lembramos que estas datas márcanse en luns, e indican a semana, xa que cada centro acorda co outro o día concreto no que queren xuntarse para competir.

Se por circunstancias non se poido xogar nesa semana, podedes acordar entre os dous centros outro día distinto, avisando a agrudebam para solicitar o transporte.

Igualmente, acordades entre os dous centros o lugar de xogo.

Establecemos un calendario de enfrontamentos para cinco xornadas. Cada centro decide se fai catro, tres, ou as cinco, tendo en conta que non afecta igual nos coles de liña 1 que nos coles grandes. Queremos animar á participación de todos os centros.

Este curso mezclamos todos para que haxa combinacións que non se facían nos últimos anos.



O formato de xogos adáptase a cada instalación, pero lembre que a proposta é a de xogar baloncesto, balonmán, voleibol, bádminton e fútbol-sala, dividindo a pista en dúas metades para compaxinar modalidades nos catro primeiros deportes, e o fútbol sala xógase ao final en pista completa.

O modelo do xogo para os catro primeiros deportes, para cada partido, consta de catro tempos de 5 minutos, nos que se anotan os tantos individualmente en cada un deses cuartos (un equipo pode gañar un cuarto, empatar outro, perder...).

A competición, tanto para benxamíns como para alevíns, será sempre mixta, con presenza de nenos e nenas en cada un dos cuartos.

Nas próximas datas actualizaremos a información na nosa web www.agrudebam.es

O Presidente:

Alfonso Lorenzo Vila

CALENDARIO:

Semana	Enfrontamento:	
PRIMEIRA: Dende 2 Novembro	Altamira	Sobrada
	Guillarei	Descansa
	Rebordans	Caselles
	Randufe	Pintor A. Fdez.
	Nº 1	Pazos
	Nº 2	S. Marquier
	Barrantes	Tebra
SEGUNDA: Dende 30 Novembro	Altamira	Caselles
	Nº 1	Descansa
	Guillarei	Pintor A.Fdez.
	Rebordans	Pazos
	Randufe	S.Marquier
	Nº 2	Tebra
	Barrantes	Sobrada
TERCEIRA: Dende 11 de xaneiro	S.Marquier	Pintor A.Fdez.
	Caselles	Nº 1
	Tebra	Randufe
	Barrantes	Altamira
	Sobrada	Nº 2
	Pazos	Descansa
	Rebordans	Guillarei
CUARTA: Dende 22 de febreiro	Altamira	Nº 2
	Rebordans	Descansa
	Guillarei	Randufe
	Pazos	Sobrada
	Tebra	Pintor A.Fdez.
	S.Marquier	Caselles
	Barrantes	Nº 1
QUINTA: Dende 30 de marzo	Altamira	Pintor A.Fdez.
	Nº 2	Caselles
	Nº 1	Sobrada
	Guillarei	Tebra
	Pazos	Randufe
	Barrantes	Descansa
	S.Marquier	Rebordans